

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FEDERACIÓN ALCER GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA EN MENORES CON ENFERMIDADE RENAL CRÓNICA EN GALICIA (PROGRAMA MEDRO CON ALCER), NO EXERCICIO 2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Federación Alcer Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase a Federación Alcer Galicia dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o financiamento dos gastos derivados da execución do programa psicosocial destinado a menores con enfermidades renais crónicas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso a intervención psicosocial cos menores con enfermidades renais crónicas e as súas familias, tratando de comprender, predicir e cambiar a súa conduta social, axudándolles a adaptarse á enfermidade, así como modificar aqueles aspectos nocivos da súa contorna, coa finalidade de mellorar a súa calidade de vida, así como a establecer bases sólidas de coordinación entre todas as partes implicadas dentro do procesos de atención sociosanitaria.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a especificade vén determinada pola exclusividade do proxecto, dirixida ás persoas menores con enfermidades renais crónicas, e que ten como finalidade mellora da calidade de vida das persoas que padecen enfermidades renais crónicas, tendo en consideración carácter específico das intervencións, especialidade que dificulta a súa convocatoria pública. Por esta razón, Federación Alcer Galicia é a única entidade que, que desenvolve unha actividade deste tipo e por tanto a canle máis idónea para que a consellería acade estes, pode integrar na actividade diaria do dito centro as actuacións do proxecto a subvencionar a través deste convenio, o que dificulta a súa convocatoria pública.

Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.



Así mesmo, as actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, na área específica da Dirección xeral de familia infancia e dinamización demográfica, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela na data de sinatura dixital.
O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

